# InforMAR




Confraría de Pescadores de Cedeira

Nº 4 / Decembro 2008

## Dosier axudas á PESCA

## Inicio das OBRAS na LONXA

## Festa do PERCEBE 2008




Xosé Cheda

# OBRAS NA LONXA



## INICIO DAS OBRAS DA NOVA LONXA

Cun retraso de un ano sobre o previsto inicialmente, (recordamos que na revista informar do ano pasado dábase conta da visita no més de febreiro da Conselleira de Pesca na cal se previa o inicio das obras no ano 2007) en outubro deron comenzo as obras da nova lonxa.

O proxecto nesta primeira fase contempla a construcción, nunha superficie total a ocupar de 1.765 m$^2$ duha estructura en forma de L que comprende o edificio de departamentos de exportadores , sala de manipulación de marisco e patios de maniobra , cunha largura total de 115,75 metros e anchos de 9,65 e 30 metros por zonas.

Nunha das súas ramas estarán os 19 almacéns para os exportadores de peixe, cunha superficie aproximada de 53 m$^2$ cada ún constarán de dúas plantas e estarán acondicionados con aseos, duchas e oficiñas na segunda planta, a altura respecto do solo será de 1,20 para dotarlos de muelle de atraque que facilite a carga das caixas de peixe nos camións.




Noutro lateral e xunto cunha sala de 52 m$^2$ adicada á clasificación e manipulación de marisco atoparanse unha sala de aseos e vestiarios , masculinos e femeninos para os usuarios (proveedores) da lonxa, ademais da sala de caldeiras, sala de máquinas, sala de carga de baterías e sala de expedición. O movemento interno realízase por un pasillo central de 5 metros de ancho que comunicará o edificio da lonxa cós distintos departamentos, salida directa de peixe, etc, sendo logo o eixe central da Nova lonxa.



Dentro dun ano estarán rematadas estas obras e, previsiblemente, dará comenzo a segunda fase que consistirá nun edificio anexo ó anterior que ubicará a nova lonxa, moderna, climatizada e dotada de tódalas facilidades para unha venda áxil e higiénica do producto, que terá unha única canle de entrada e outra de saida directa ó pasillo de distribución dos departamentos de usuarios e á sala de expedición. Tamén contará con oficiñas, aseos e vestiarios e cafetería.


ZONA DE REDES
FENOSA
PORTOS
ASFALTO
12 DEPARTAMENTOS EXPORTADORES B
APARCADOIRO
7 DEPARTAMENTOS EXPORTADORES
NAVE XEO
10 DEPART.
12 DEPART.
14 DEPART.
14 DEPART.
6 DEPART.
4 DEPART.
4 DEPART.
FORMIGON
PASEO DE MADERA
CANAL XEO
E-2
RAMPA
19 PLAZAS DE 6,00X2,85
19 PLAZAS DE 6,00X2,85
19 PLAZAS DE 6,00X2,85
5 PLAZAS DE 10,00X4,25
2 PLAZAS DE 10,00X4,25
4 PLAZAS DE 8,00X3,40
10 PLAZAS DE 12,00X4,90
10 PLAZAS DE 14,00X6,00
25 PLAZAS DE 6,00X2,85
DRAGADO A LA -2,00
DRAGADO A LA -3,00
DRAGADO A LA -2,00
ESCOLLERA DE P ≥ 2.000 KG.
ESCOLLERA DE P ≥ 1.000 KG.
ESCOLLERA DE P ≥ 1.000 KG.
ALZADO - SECCION DIQUE
ALZADO - SECCION RAMPA
SECCION A
SECCION B
SECCION C
SECCION D

# PANTALANS

(Extracto do dossier entregado a Portos de Galicia en abril do 2006)

# ACTUACIÓNS D

- Ordenación dos puntos de amarre

Necesítase a instalación de pantaláns flotantes , diante dos almacéns dos armadores, actuación que ten que vir acompañada da construcción dun dique de abrigo, duns 50 metros, a continuación da fábrica de xeo , onde tamén podería estar situada a rampa.

Esta actuación está xustificada xa que na actualidade non hai ningún tipo de ordenación das embarcacións dentro do porto e os metros de atraque son insuficientes para as embarcacións de pequeño e mediano porte. Para cubrir as necesidades do porto sería necesario a instalación de pantaláns que deran servicio de atraque entre 70 e 100 embarcacións (ver mapa anexo).

A frota de Cedeira , con 50 embarcacións adicadas á pesca artesanal con "artes menores"e 20 embarcacións de litoral entre volanteiros, rascos, cerco e palangre que operan no Caladeiro Cantábrico Nacional, ademais de numerosas embarcacións auxiliares, necesitan desta actuación non só para dotalas de puntos de amarre, senón para que formen un conxunto ordeado e así conquerir un mellor aproveitamento do espacio nesta ría tan pequena.

Conquírese ademais, unha prevención de riscos laborais o eliminarse o actual risco de accidentes que poidan ocasionarse xa que a escollera pola que se accede ás pequenas embarcacións que están fondeadas non ten ningún tipo de escada de baixada, hai que saltar polas rochas có perigo que isto conleva, polo cal creemos necesaria esta actuación.



Actual rampa de varado de pequenas embarcacións

O presidente de Portos de Galicia, Jacinto Parga, entrevistouse o día 18 de novembro có Cabido da Confraría de Pescadores de Cedeira nunha reunión de carácter informal. No encontro tamén estiveron presentes representantes do goberno local e o delegado da Consellería de Política Territorial, Alberto González. A pesar do carácter



Posible emprazamento do dique de abrigo de pantalás e rampa

# E MELLORA PENDENTES NO PORTO DE CEDEIRA

extra oficial do encontro, despexáronse algunhas dúbidas, unha delas, a construción dunha serie de pantaláns na dársena cedeirense, unha vella demandan do depósito local que vai tomando forma. Así, aínda que estaba previsto que se licitase a obra nestes días, segundo confirmaron desde Portos de Galicia a intervención deberá atrasarse un par de meses, debido a que o resultado do estudo de batimetría -mide a profundidade mariña para determinar a topografía dos fondos mariños- non ofreceu os resultados esperados. Segundo confirman desde Portos, tras esta análise constatouse que de non modificarse o proxecto poderíanse producir fortes correntes que afectarían ós pantaláns e as embarcacións. Así, técnicos da Xunta traballan agora na procura de mellor solución técnica a este problema a cal permitiría licitar a obra a finais deste ano ou a principios do próximo.



Emprazamento dos pantaláns flotantes

# PROXECTO DE COMERCIALIZACIÓN DE POLBO

A Confraría de Pescadores de Cedeira, esta apostando dende hai tempo, por unha pesca de sostenibilidade e rendible, dentro deste contexto, e tendo en conta tanto a importancia social como economica deste sector , pretende iniciar un proxecto de comercialización do polbo para mellorar a rendabilidade das embarcacións que se adican a este recurso e a calidade de vida dos mariñeiros, a traves dunha mellora da comercialización en primeira venda.

O plan zonal experimental de captura de polbo (Octopus vulgaris) vixente ata o 31 de decembro do 2.009 , abarca non só o ámbeto territorial da Confraría de Cedeira sinon toda la zona cantábrica dende Monte Campelo ata o Río Eo. A dito plan están acollidas tódalas embarcacións con permiso de explotación actualmente en vigor do censo de artes menores con nasa de polbo. Dentro de este plan contemplase unha veda de dous meses consecutivos, que para o ano 2009 será o comprendido entre o 9 de maio e o 7 de xullo, e dous topes de capturas diferentes: de maio a octubro, un tope máximo diario de 40 kg por embarcación e 40 kg máis por tripulante debidamente enrolado a bordo, e de novembro a abril, un tope de máximo semanal de 200 kg por embarcación, e 200 máis por tripulante enrolado a bordo, O tamaño mínimo de captura establécese en 1 kg. para todo o ano . Poidendo deixa-las nasas caladas o fin de semán balizadas adecuadamente.

As estadísticas indican que a venda deste celafolopodo ocupa o terceiro lugar en kilos descargados nesta lonxa durante os últimos catro anos (só por detrás do peixe sapo e pescada). Ocupando o sexto



lugar das lonxas de baixura de Galicia en ventas deste producto.

E por todo isto, e co fin de mellorar a comercialización, e con elo un aumento do



prezo medio e dos ingresos en primeira venda de polbo de todos aqueles mariñeiros que viven deste recurso na nosa zona , preséntouse á Consellería de Pesca un proxecto para dotar á lonxa dunha <u>máquina clasificadora por peso e etiquetadora</u> .

CO PROCESO DE COMERCIALIZACIÓN DO POLBO esperamos non só un incremento nas

**EVOLUCIÓN POR ANOS**








vendas de esta especie na lonxa senón un importante aumento do precio medio de venda xa que como podemos observar na táboa seguinte , aínda que o índice de prezos ó consumo ven aumentando progresivamente de ano a ano, o valor medio/kg desta especie mantense igual ou incluso lixeiramente inferior ó de fai cinco anos.

Cá clasificación, tanto en calidade coma en tamaño, tentaremos que o noso producto sexa coñecido en todos los mercados por medio duns envases identificativos nos que permanecera o polbo dende a súa pesaxe e clasificación , ata o mercado ou consumidor final, unha vez clasificado e pesado integrarase no actual sistema de venda automatica, co cal o consumidor final terá toda a información da mercaduria

Como derradeiro paso, cá inclusión deste especie na marca de calidade " producto certificado "pescadeRías ¿de onde se non? ®" o polbo de Cedeira irá dende a clasificadora ata o consumidor sen ningun tipo de manipulación intermedia e cá garantía que da no mercado a marca de calidade implulsada pola Consellería de pesca que garantiza que o producto se identifique, ao longo da cadea de distribución como auténticamente galego e que polas súas características intrínsecas e polo saber facer da xente do sector se diferencian do resto de produtos procedentes doutras orixes.



| Lonxa Cedeira | Xan | Feb | Mar | Abr | Mai | Xuñ | Xull | Ago | Sep | Out | Nov | Dec |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2003 | 5,7 | 5,3 | 5,6 | 5,9 | 5,1 | 4,3 | 5,3 | 6,1 | 4,8 | 4,6 | 4,9 | 5,1 |
| 2004 | 4,6 | 4,6 | 4,5 | 4,5 | 4,4 | 4,3 | 5,2 | 4,5 | 4,2 | 4,5 | 5,0 | 4,9 |
| 2005 | 4,7 | 4,6 | 4,4 | 4,6 | 4,3 | 4,4 | 4,8 | 5,1 | 4,9 | 4,7 | 4,8 | 5,0 |
| 2006 | 4,5 | 4,6 | 4,6 | 4,7 | 4,8 | | 5,7 | 6,1 | 6,2 | 5,2 | 5,5 | 5,1 |
| 2007 | 4,5 | 4,4 | 4,7 | 4,5 | 5,3 | | 4,1 | 4,7 | 4,8 | 4,4 | 4,6 | 4,8 |

Taboa 1:Evolución do prezo en lonxa de polbo( €/Kg) ,por meses, nos derradeiros cinco anos

EUROPEAN UNION
European Social Fund
Article 6 Innovative Measures




En decembro deste ano remata o Proxecto Serea e logo de dous anos de traballo pódese observar na páxina web "www.serea.org" o gran número de actividades que foron postas en practica e o coñecemento e a difusión en tódolos foros de debate relacionados cá pesca, dun sector, a pesca de baixura costera e arteanal que era a gran descoñecida en Europa.

A iniciativa cofinanciada polo Fondo Social Europeo tras analizar a problemática que afecta o sector da pesca, busca as opcións mais adecuadas para consolidar a sua presencia en villas que teñen no mesmo a sua principal referencia tanto social como económica.

Entre as actividades realizadas destaca a gravación dun spot publicitario dentro dunha campaña de mellora da imaxe do sector pesqueiro galego, ca colaboración das embarcacións "Brisas de Cedeira" e "Playa Mar" Na rodaxe do anuncio participaron como figurantes 16 persoas voluntarias da vila de Cedeira e da súa comarca vencelladas ao mundo da pesca e o marisqueo. Emitido na televisión de Galicia no més de setembro, tamén se pode ve-lo mesmo xunto cunha reportaxe de "como se rodou" na páxina web de serea.

No que respecta ó intercambio de experiencias, xunto con representantes das confrarías de Cambados e Lira, persoal das universidades galegas e pescadores e tecnicos italianos, bretóns e letóns realizouse unha visita técnica a Cerdeña (Italia) onde se ralizou unha actividade práctica de pescaturismo na Area Mariña Protexida do Parque nacional dell'Asinara e participouse na **"Conferencia Internacional sobre a diversificación no sector da pesca".**
Na Bretaña francesa visitouse o PARK NATURAL MARIN de Iroise onde se está promovendo una marca de calidade como distintivo das especies que se capturan dentro dos limites do parque. Visita ó IFREMER ( Instituto francés de investigación para a explotación do Mar ) có fin de coñecer o sistema de información pesqueiro francés así como o número e tipo de embarcacións , as capturas , os ingresos .... e a progresión dos mesmos ó longo do tempo.
En Audierne Port celebrouse a conferencia transnacional **"Obxectivo: pesca de baixura 2020: estratexias, apostas e ambicións"** enfocada á pesca de baixura e ás diferentes estratexias seguidas polas distintas entidades integrantes do proxecto : reservas mariñas, ititurismo ou turismo mariñeiro, recualificación , revalorización e posta en valor do sector pesqueiro ...

SEREA
SEASIDE REORIENTATION ACTIVITIES

# PROXECTO FeDCEDEIRA







Este proxecto dará comenzo en xaneiro do 2009.

# PROXECTO RECOPADES



## Presentación Trailer do Documental "Guardianes del Mar" no Congreso UICN

A Rede de Comunidades Pesqueras Artesanales polo Desenarrolo Sostible (RECOPADES).
celebrou en Galicia o seminario internacional " Sensibilización para a Biodiversidade". Representantes de organizacións pesqueiras de Argentina, Uruguay, Chile, Brasil, e Galicia estiveron visitando a nosa vila, interesandose pola nosa maneira de traballar e de viví-lo día a día da pesca e o marisqueo. Entre as actividades, participuse na gravación do documental Guardianes del Mar" o cal foi presentado no congreso de UICN (Unión Internacional para la Conservación de la Naturaleza) en Barcelona no més de outubro.

Este documental mostra as realidades e problemáticas das comunidades pesqueiras artesanais pertencentes a RECOPADES e como estas beñen de implementar iniciativas orientadas ó desenrrolo sostible, onde os pescadores artesanais cumpren ó rol de guardians da biodiversidade dos seus recursos mariños e fluviais.






# OCEANA



Cedeira - xuño 2.008: O catamarán de investigación Ranger da organización para a defensa do mar **Oceana**, co apoio da Fundación Biodiversidade, realizou unha campaña de investigación nas nosas costas. O obxectivo desta expedición era documentar fondos marinos vulnerables e de especial interese para propoñe-los para a sua inclusión na rede de espacios protexidos do Atlántico Norte.

Entre os fondos máis espectaculares atopados están os bosques de corais de profundidade, en especial do coral árbore amarela que se distribúen entre os 80 e 500 metros de profundidade en moitos dos fondos rochosos que se atopan fronte ás rías galegas. Xunto a eles, tamén se dan extensos campos de esponxas copa e esponxas champiñón que albergan unha variada diversidade. Ademais atopáronse gorgonias de distintas especies, coral negro e falso coral negro, con algúns exemplares que poderían ser centenarios. Nestes fondos puideron identificarse unha gran diversidade de especies mariñas de interese pesqueiro.

Tanto o goberno español como a Xunta de Galicia teñen que incrementar os seus esforzos para cumprir os obxectivos internacionais de protección. As rías galegas necesitan plans especiais para poder seguir mantendo a riqueza que albergan, mentres que en moitas zonas é necesario crear novas reservas mariñas que acollan todo tipo de ecosistemas e especies, e revitalicen as especies comerciais?, declarou Ricardo Aguilar, Director de Investigación e Proxectos de Oceana Europa a bordo do Ranger.

Segundo a Convención de Oslo-Paris (OSPAR) para a conservación do Atlántico Nordeste, todos os países ribeireños deben establecer unha rede de espazos protexidos antes do ano 2010. Por outra banda, o Convenio de Biodiversidade de Nacións Unidas esixe que en 2012, polo menos, o 10% da superficie mariña sexa protexida. En Europa menos do 0,5% das súas augas oceánicas atópanse baixo algunha figura de protección, polo que deben acelerar a declaración de áreas mariñas protexidas para cumprir cos compromisos internacionais. En Galicia de momento tan só existen dúas zonas protexidas, o Parque Nacional das Illas Atlánticas e a reserva Mariña dos Miñarzos.

Con toda a documentación que estamos recollendo esperamos facilitar o traballo das administracións para conservar os ecosistemas mariños. Como xa puidemos transmitir aos representantes da Xunta e ás confrarías de pescadores coas que contactamos, esperamos que en pouco tempo se creen novas reservas que permitan unha xestión mellor dos recursos mariños e a recuperación dos ecosistemas e stocks mais degradados, engade Xavier Pastor, Director Executivo de Oceana en Europa.










## 20 anos rendindo homenaxe ós mariñeiros falecidos

Nun entorno tan singular como a Capela de San Antonio, luceu o sol para celebrar, e xa van vinte anos, a homenaxe a tódolos pescadores falecidos , o sábado anterior á festividade de Santo Antonio, que neste ano cadrou no 7 de xuño, celébrouse a misa cantada pola Coral Eixil en torno ás doce e media da mañán , de seguido fíxose a ofrenda floral e como non, a sardiñada popular, que congregou a numerosos veciños do municipio.










# XIII FESTA DO PERCEBE 26 e 27 de XULLO- 2008

Un ano máis a Confraría de Cedeira ven de organizá-la XIII EDICIÓN DA FESTA DO PERCEBE . Organizando así unha festa popular na que se promociona o percebe, marisco estrela da nosa costa, todo elo animado polo son das bandas de gaitas desta Vila de Cedeira.

As dez horas do día 26, Santa Ana, bombas de palenque anunciaron a primeira xornada da festa e ás doce a apertura dos casetas da venda na carpa da explanada do Porto de Cedeira, onde ó longo de todo o día ademais de percebe de inmellorable calidade, os visitantes puideron degustar polbo á feira e empanadas de productos do mar, regados con viño Albariño (Denominación de orixe), a xornada foi animada pola Banda de Música de Cedeira.



O Domingo durante todo o día , e por cortesía da Deputación de A Coruña, dentro do Paln de Dinamización Turística Ferrol-Ortegal , o BUS TURÍSTICO Ferrol-Ortegal , un Leiyand dos anos 60 que prestou os seus servicios nas rúas de Londres, reparteu a tódos aqueles que visitaron o seu interior todo tipo de material promocional, e proxectou videos e documentais da zona. E esta xornada foi animada pola Banda de Gaitas "ROBALEIRA" de Cedeira.

Si na xornada do sábado a presencia de autoridades do eido da pesca, como o






Director Xeral de Recursos Mariños, a Vicepresidenta da Comisión Europea de Pesca e os presidentes das Federacións de Confrarías Galega e Nacional deron o seu apoio á continuidade da festa , o domingo estivemos arroupados polo Vicepresidente da Deputación de A Coruña e pola Consellería de Innovación e Industria a través do Director Xeral de Turismo da provincia , os cales xunto cón membros do cabido da confraría valoraron a posibilidade da declaración da festa coma " FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO" o cal comportaria a súa inscrición automática no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia así como a súa inclusión no Plan Galego de Promoción do Turismo.



















# VII CAMPEONATO INFANTIL DE PESCA DEPORTIVA

O tempo non nos quiso acompañar e o campeonato de pesca previsto para o venres 25 de xullo tivo que aprazarse para o domingo 27, a partires das catro e media numeros pequenos e pequenas acompañados dos seus familiares acercáronse ó peirao cás súas canas de pescar para disfrutar nunca tarde na que todos saíron gañadores, xa que ademais de referescos, merendas e xeados, repartíronse gorras e camisetas por cortesía do FROM, e como nón, xa que o importante sempre é participar, medallas para todos.










# A PROCESIÓN MARÍTIMA, EN IMAXES





















# 2007/2013 AXUDAS A PESCA

**Anualmente publicaranse os períodos de presentación de solicitudes para cada unha das anualidades de vixencia do programa**

O 1 de xaneiro de 2007 entrou en vigor o Regulamento (CE) nº 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca (FEP), que substitúe o Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) .Os investimentos financiables polo fondo están basicamente dirixidos a mellorar a seguridade a bordo dos buques, as condicións de traballo, a hixiene, a calidade dos produtos, o rendemento enerxético e a selectividade. Entre os investimentos auxiliables tamén se inclúe o cambio de motores por outros novos de igual ou menor potencia. e non será posible o financiamento para a construción de buques pesqueiros nin para aumentar a capacidade das adegas.

## Eixe prioritario 1.Medidas de adaptación da flota pesqueira comunitaria

### Medida 1 .Paralización definitiva de actividades pesqueiras

**Baremo Paralización definitiva.**
Contías máximas da indemnización

| Categoría da embarcación por clase de tonelaxe (GT) | Importe máximo da subvención por embarcación, en euros |
|---|---|
| 0<10 | 11.550xGT+2.100 |
| 10<25 | 5.250xGT+65.100 |
| 25<100 | 4.410xGT+86.100 |

### Medida 2. Paralización temporal de actividades pesqueiras

Tripulantes : poderán percibir unha axuda de 45 euros por día, incrementada nun 2 por cento anualmente.

Baremo para armadores o propietarios en **Paralizacións temporais** Dentro de planes de xestión o recuperación aprobados por la Comisión Europea.* mínimo de100 € diarios.

| Categoría de buque por clase de tonelaje (G. T.) | Importe máximo de la prima por buque y día (en euros) |
|---|---|
| 0 < 25 | 5,68xGT+39,6 (2) |
| 25 < 50 | 4,22xGT+72,6 |
| 50 < 100 | 3,30xGT+118,8 |
| 100 < 250 | 2,64xGT+184,8 |
| 250 < 500 | 1,98xGT+ 349,8 |

### Medida 3. Inversións a bordo dos buques pesqueiros

O Gasto máximo subvencionable en todo o periodo será o 50% do valor que lle corresponderíaao buque por paralización definitiva, valor que poderá ser incrementado para os casos de investimentos en seguridade.Durante todo o periodo, admitiranse tres como número máximo de solicitudes de axudas para inversiones a bordo de buques de 5 anos ou máis de antigüidade.

E necesario ter a correspondente autorización ou solicitude de autorización para realizar os inves-timentos solicitados. (Todas aquelas reformasdo buque que dean lugar á variación das seguintes características: Manga. Puntal. Eslora entre perpendiculares. Eslora total.. Arqueo. Material do casco). Todos os cambios de motor. Obras que impliquen instalación ou modificación da capacidade conxeladora dun buque. Obras que impliquen aumento da potencia auxiliar do buque pesqueiro. Modificación ou alteración da capacidade dos tanques de combustible.

## Investimentos obxecto de subvención.

a) Mellora da seguridade a bordo do buque.
b) Mellora das condicións de traballo.
c) Mellora das condicións de hixiene.
d) Mellora da calidade e conservación dos produtos.
e) Mellora do rendemento enerxético.
f) Mellora da selectividade.
g) Substitución do motor.
h) Substitución das artes de pesca por outras máis selectivas.

## Condicións específicas para os investimentos en cambios de motor.

Durante todo o período poderase subvencionar un só cambio de motor por buque, sempre que: nos buques de eslora total inferior a 12 metros que non utilicen artes de arrastre a potencia do novo motor sexa igual ou inferior á do motor antigo. Nos buques cuxa eslora total non supere os 24 metros a potencia do novo motor sexa inferior nun 20%, como mínimo,á do motor antigo.

## Condicións específicas para o cambio de artes de pesca.

Durante todo o período de vixencia do FEP poderán ser subvencionados, como máximo, dous cambios nas artes de pesca a unha arte máis selectiva ca a que tiña, sempre que os buques cumpran cos requisitos seguintes: Estaren incluídos nun plan de axuste do esforzo pesqueiro. Ter solicitada a autorización para modificar a arte de pesca. Ter solicitada a autorización para cambiar de pesqueira.
Tamén son subvencionables ata dous cambios nas artes de pesca, sempre que a nova arte sexa máis selectiva e se axuste a criterios e prácticas ambientais recoñecidas, máis estritas ca as obrigas Regulamentarias existentes no marco da normativa comunitaria.

## Tipo e contía das axudas:

40% como máximo do total dos gastos elixibles. No caso de cambios de motor o importe de axuda será como máximo un 20% do gasto elixible. No caso dos investimentos realizados en buques pesqueiros de eslora total inferior a 12 metros, que non utilicen as artes de arrastre, a porcentaxe de axuda poderá ser igual ou menor ao 60% do total dos gastos elixibles.

**Certificacións de non inicio:**
Como norma xeral, os investimentos ou gastos que se vaian subvencionar non se poderán iniciar antes da data de presentación da solicitude de axuda. O non inicio acreditarase mediante certificación dos servizos periféricos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos onde o barco teña o porto base, certificación que se solicitará cando menos con 15 días de antelación ao comezo dos investimentos. Con carácter estritamente excepcional ao previsto anteriormente poderá solicitarse xustificadamente á delegación territorial correspondente a realización da certificación de non inicio se fose necesario realizar as obras antes. Esta certificación solicitarase acompañada do proxecto, memoria descritiva dos aspectos técnicos e económicos do investimento, facturas pro forma ou catálogos que permitan facer unha valoración da obra que se vai realizar e que terá efectos na convocatoria inmediatamente seguinte.

## Medida 4 . Pesca Costeira Artesanal (AXUDAS PARA BUQUES DE MENOS DE 12 METROS)

### Proxectos obxecto de subvención:

**Os proxectos individuais**: presentados individualmente por pescadores, propietarios ou armadores de buques, que practiquen a pesca costeira artesanal, e que teñan por finalidade a consecución de calquera dos seguintes obxectivos:

- A utilización de innovacións tecnolóxicas (técnicas de pesca mais selectivas que vaian mais alá das obrigas en virtude da lexislación comunitaria ou innovacións co fin de protexer as artes e as capturas dos depredadores) que non aumenten o esforzo pesqueiro.

**Os proxectos colectivos** son os presentados por unha agrupación, constituída para o efecto, de pescadores, propietarios ou armadores de buques, que practiquen a pesca costeira artesanal, e que teñan por finalidade a consecución de calquera dos seguintes obxectivos:

- A mellora das aptitudes profesionais e da formación no ámbito da seguridade. De cursos de formación e realización de viaxes para coñecer experiencias: matrícula, asistencia, material, gastos de desprazamento, manutención e aloxamento.
- A organización da cadea de produción, transformación e comercialización dos produtos pesqueiros procedentes das capturas dos buques que exerzan a pesca costeira artesanal.
- A utilización de innovacións tecnolóxicas (técnicas de pesca mais selectivas que vaian mais alá das obrigas en virtude da lexislación comunitaria ou innovacións co fin de protexer as artes e as capturas dos depredadores) que non aumenten o esforzo pesqueiro.

**As agrupacións que os leven a cabo deberán contar entre os seus membros cos propietarios e/ou armadores dun mínimo de 10 embarcacións do mesmo porto base, a arte utilizada, especie capturada, área de traballo, etc.**

**Paralizacións voluntarias definitivas** referiranse a unha zona, arte, especie ou porto base concretos, ou a unha combinación deles, e estarán suscritos polos propietarios e/ou armadores de, polo menos, 10 embarcacións de pesca costeira artesanal

**Paralizacións voluntarias temporais** da actividade pesqueira. Estarán suscritos, polo menos, polos propietarios e/ou armadores do 90 % das embarcacións de pesca costeira artesanal que operen na zona, coa arte, á especie ou teñan o mesmo porto base. As embarcacións que reciban a subvención, non poderán exercer ningunha actividade pesqueira, ou de outro tipo que sexa remunerada, durante o período que dure a paralización, polo que deberán estar amarradas ou fondeadas no porto.

**Baremo Paralización voluntaria definitiva.**

| Contías máximas da indemnización | |
|---|---|
| Categoría da embarcación por clase de tonelaxe (GT) | Importe máximo subvención embarcación, en eur |
| 0<10 | 11.550xGT+2.10 |
| 10<25 | 5.250xGT+65.10 |
| 25<100 | 4.410xGT+86.10 |

**Baremo p**

Os tripulantes poderán percibir unha subver anualmente.

## Medida 5 . Axudas socioeconómicas



### Primas por reconversión

**1 Parcial** -Diversificación de actividades: Esta medida ten como obxecto ó apoio ás actividades dos pescadores fora do sector pesqueiro, permitíndolles que sigan pescando a tempo parcial, sempre que con isto se contribúa a reducir o seu esforzo pesqueiro . A axuda máxima prevista nesta medida é de 21.000 euros por beneficiario individual

**2 Total**: Esta medida ten como obxecto ó apoio á reconversión profesional dos pescadores en actividades profesionais a tempo completo nun sector distinto ao da pesca marítima. A axuda máxima prevista nesta medida é de 52.000 euros por beneficiario individual

**Requisitos:** Estar dado de alta no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar. Ter menos de 55 anos de idade ou, sendo maior, non ter a posibilidade de xubilarse. Acreditar un mínimo de cinco anos de exercicio da profesión de pescador.

### Prima pola saída do sector pesqueiro

**Xubilación anticipada**: A cantidade máxima subvencionable por ano será de 12.500 euros por beneficiario individual , (1.041 € ao mes e o beneficiario deberá facer fronte a súa cota de cotización a seguridade social) ata que o tripulante cumpra a idade legal de xubilación ordinaria que resulta da aplicación dos coeficientes redutores do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

**Requisitos:** Estar dado de alta no Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e ter cotizado un período mínimo de quince anos no momento no que vaia a cumprir a idade de xubilación. Ter 55 anos ou máis e non ter a idade legal de xubilación no momento da solicitude. Ter exercido durante un mínimo de 10 anos a profesión de pescador e estar enrolado.

**Prima non renovable aos tripulantes** de buques que paralizaran definitivamente como consecuencia dun plan de axuste do esforzo pesqueiro. A cantidade máxima subvencionable será de 10.500 euros por beneficiario individual. Esta compensación será reembolsada proporcionalmente no caso de que o beneficiario volva exercer a profesión de pescador nun pazo inferior a un ano tralo cobro da compensación.

**Requisitos:** Tripulantes que traballaran a bordo dun buque pesqueiro alomenos doce meses, sempre que o buque se sometera á paralización definitiva das actividades pesqueiras e que dita paralización forme parte dun plan de axuste do esforzo pesqueiro. Estar dado de alta no Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e ter cotizado neste réxime durante un período mínimo de 12 meses. Ter menos de 55 anos de idade ou, sendo maior, non ter a posibilidade de xubilarse. Estar enrolado e en alta dende o momento no que o armador solicite a prima por paralización definitiva ata que se lle conceda dita axuda.

### Prima pola compra do primeiro barco:

Esta medida ten a finalidade de facilitar o acceso a propiedade, parcial o total, dun barco aos profesionais do sector, menores de 40 anos, que nunca tiveran un en propiedade. A prima pola compra do primeiro barco non será superior ao quince por cento do custo de adquisición da propiedade nin excederá dos 50.000 euros.

**Requisitos:** Estar dado de alta no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar. Acreditar un mínimo de cinco anos de exercicio da profesión de pescador ou formación profesional equivalente. O buque a adquirir ten que ter eslora total inferior a 24 metros e idade entre 5 e 10 anos.

**Baremo Paralización voluntaria temporal**

| Contías máximas da indemnización | |
|---|---|
| Categoría da embarcación por clase de tonelaxe (GT) | Importe máximo da subvención por embarcación e día, en euros |
| 0<25 | 5,16xGT+36 (*) |
| 25<50 | 3,84xGT+66 |

(*) garantíndose un mínimo de 100 € diarios

**tripulantes**

de 36 euros por día, incrementada nun 2 %

No contexto da Política Comun de Pesca europea tamén temos que situar o actual

# Plan de Recuperación da merluza

establecido no regulamento (CE) nº 2166/2005. publicado o 12 de decembro de 2005 establecía medidas para a recuperación desta poboación no oeste da Península Ibérica , é decir, nas zonas VIIIc e XIa. O Obxectivo erá o de reconstruir as poboacións afectadas de xeito que se alcanzara unha biomasa de reproductores de 35.000 toneladas, no curso de dez anos. Para alcanzalo se propuso un sistema de limitación do esforzo pesqueiro baseado no axuste do número máximo de días de pesca dispoñibles para as flotas suxeitas ó plan.

Para poder alcanzar este obxectivo o antes posible e con vistas a convertir este plan de recuperación nun plan de xestión , o Ministerio de Pesca estableceu no ano 2007 unha parada biolóxica, de carácter voluntario. Os armadores e tripulantes dos buques de volanta e palangre de fondo que realizaron a parada no 2.007 aínda non cobraron esa parada nin teñen noticias da administración acerca de si a cobrarán ou non.

Derivado da crise do combustible que afectou a toda Europa no més de xuño deste ano, e que recordaremos pola folga do transporte, que conlevou unha folga na pesca que a baixura non apoiaba pero que tivo que secundar á forza, o comisario europeo de pesca anunciou medidas urxentes as cales tomaron forma no regulamento (CE) 744/2008 que establece medidas frente a crise do sector pesqueiro e que se traducen en paradas biológicas de 90 días que teñen que estar realizadas antes do 31 de decembro de 2.009 , e outras medidas específicas para flotas nas que o custo en combustible sexa alomenos un 30% dos costes totais,e esta flota deberá reducir nun 30% a súa capacidade, é decir, desguaces.

Así as cousas, a nosa flota adicada á merluza deberá realizar un paro obligatorio de 90 días, o cal segundo

*ASUNTO: Observaciones de la Cofradía de Pescadores de Cedeira al proyecto de Orden Ministerial sobre establecimiento de una parada temporal para la merluza sur que afectaría a la flota incluida en el plan de recuperación de la merluza para todas las modalidades.*

1º.- Los buques censados en las modalidades de volanta y palangre de fondo del Cantábrico y noroeste que pertenecen a esta Cofradía, un total de 19 buques incluidos según relación recibida en el mes de febrero del 2008, afectados por el Plan de Recuperación de la merluza sur, han venido realizando pequeñas paradas espaciadas a lo largo de todo el año, con la finalidad de conservar días del total que les fue asignado (194 según Reglamento 40/2008) y evitar la no disposición de días en los meses finales del año.

2º.- Los armadores y tripulantes de los citados buques que realizaron la parada del 2.007, que era voluntaria, todavía no han cobrado la citada parada ni tienen noticias de la administración acerca de si la cobrarán o no.

3º El proyecto de orden no indica si se va a cobrar o no esta parada obligatoria, debería dejar claro este tema.

4º A la vista de los informes científicos del IEO, consideramos que hay medidas a tomar para la recuperación del stock, mucho más eficientes que una parada obligatoria de 30 días, esto es, el aumento de la talla mínima de captura de la merluza, y el aumento del tiempo que está en veda para la modalidad de arrastre la zona de Coruña-Cedeira, actualmente de octubre a enero y que debería de ampliarse de septiembre a marzo.

5º No pueden ustedes tener a toda la flota sujeta a este plan con borradores de proyectos de orden desde mayo a octubre, la flota necesita saber a principios de año en que condiciones va a poder desarrollar su trabajo en esta pesquería.

Por todo ello solicitamos:

1º.- Que se cambie el carácter de obligatorio por el de **VOLUNTARIO**, para las flotas de volanta y palangre de fondo.

2º.- Que se indique claramente en la orden si la parada se va a cobrar y la cuantía de las indemnizaciones por la paralización temporal.

2º.- Que a los buques que no deseen acogerse a la parada se les autoricen cambios temporales de modalidad, y durante el mes correspondiente se dediquen a pesquerías de otras especies diferentes a la merluza.

En Cedeira, a 2 de octubre de 2.008



# LOTES DO NADAL

A Confraría de Cedeira, un ano mais, e como xa e tradicional, e seguira sendo mesntres se poida, en base as normas estatutarias e aos presupostos anuais de gastos, acordou a distribución gratuita de cestas de nadal e participaciós de lotería de 1,20 € entre os seus cófrades.

